

PROGRAMA DIRIXIDO Á INCLUSIÓN SOCIAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (artigo 4.1.c) ORDE DO 6/09/2021 subvención da Consellería de Política Social a corporacións locais para programas de emerxencia social e inclusión social)

XUSTIFICACION NECESIDADE:

No concello de Ferrol, segundo a nómina de setembro de 2021, hai 183 persoas beneficiarias da Renta de Inclusión Social de Galicia.

Así mesmo hai un número elevado de persoas perceptoras do I.M.V

Os hándicaps aos que se enfrenta esta poboación cara a acadar unha inclusión Sociolaboral son, entre outros:

- Escaso nivel socioeducativo
- Ausencia de cualificación profesional
- Insuficientes recursos económicos e dependencia de axudas de carácter social
- Escasa motivación
- Falta de adaptación aos requirimentos que exige o mercado laboral: horarios, tarefas, trato
- Dificultade para o acceso a unha vivenda normalizada (fianza, nóminas...) e insuficiente oferta de vivenda social.

Outros hándicaps importantes teñen que ver coas dificultades cos seus fillos e fillas xa que nalgúns casos non funcionan como referentes e os menores teñen carencias na interiorización adecuada de normas e límites con hábitos pouco saudables.

Este proxecto pretende ofrecer un “acompañamento” que axude a diminuír/ saír da situación de precariedade facilitándolle as ferramentas para que acade o seu proxecto personalizado.

Se introduce a perspectiva de xénero coa finalidade de provocar unha reflexión sobre como as diferencias físicas levan aparelladas unha construción de roles e uns estereotipos que provocan unha inxusta desigualdade.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA:

- Captar ás persoas usuarias mediante entrevistas individualizadas, apertura de expediente, diagnóstico e compromiso
- Diseñar o itinerario personalizado de inclusión social e/ou laboral.
- Realizar intermediación con empresas
- Por á persoa no centro do proxecto cara a que sexa a protagonista e teña o control da súa vida, é dicir, poñer os mecanismos que procuren o empoderamento da persoa e/ou familia.
- Realizar un diagnóstico personalizado identificando, xunto coa persoa, fortalezas e debilidades . Pode ser a persoa titular da RISGA, do I.M.V. ou outro membro da unidade familiar.
- Elaborar xunto coa persoa o seu proxecto personalizado de inclusión Sociolaboral
- Reflexionar sobre as consecuencias da desigualdade de xénero no logro de dereitos humanos.
- Reducir os factores de risco cos seus fillos e fillas tendo en conta especialmente aqueles que son expulsados con frecuencia e/ou teñen protocolos de absentismo escolar

Obxectivos específicos:

- Xerar unha maior autonomía persoal e familiar favorecendo a adquisición de coñecementos que as capaciten para mellorar o acceso ao emprego e á cualificación profesional.
- Facilitar a través do acompañamento persoal a adquisición de habilidades sociais
- Capacitar en estratexias activas de formación e busca de emprego
- Acompañar e intermediar na busca de vivenda

- Implicar aos membros adultos da familia para que promovan activamente o acceso dos seus fillos e fillas á continuidade da escolarización e á mellora do rendemento escolar, é dicir, que crean e se involucren familiarmente na promoción pola educación e a formación.
- Procurar a adquisición de competencias persoais : autonomía, responsabilidade, compromiso
- Procurar a adquisición de competencias específicas cara á incorporación ao mercado de traballo ou, se non é posible, para acceder a outros ciclos formativos
- Capacitar en estratexias activas de busca de emprego
- Recoñecer as diferencias sexo-xénero
- Analizar o uso do tempo e o reparto de tarefas dentro das familias
- Realizar tarefas escolares
- Acompañamento para a aprendizaxe do manexo das situacións de conflito e malestar social e académico
- Desenvolvemento de competencias sociais

Actuacións programadas e unidades didácticas das actuacións formativas:

Area de inclusión básica: Desde o 1 de febreiro de 2022 Ate 30/11/2022: 1.500 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose e acompañamento social
- Taller de fortalecemento de capacidades persoais e sociais

Inclusión e transición ao emprego: Desde o 1 de febreiro de 2022 Ate 30/11/2022: 1.660 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose
- Deseño do proxecto de inclusión socio laboral
- Acompañamento Sociolaboral
- Intermediación laboral
- Prevención riscos laborais (Estimación de 60 horas)
- Manipulador/a alimentos (Estimación de 20 horas)
- Formación para a obtención do carné de conducir (Estimación de 80 horas)

Formación adaptada: Ate 30/11/2022: 840 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 300 horas

- Formación dixital
- Preparación competencias clave e formación en conciencia e expresións culturais

Apoio á inclusión residencial: Desde o 1 de febreiro de 2022 Ate 30/11/2022: 400 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 100 horas

- Prevención da discriminación no mercado da vivenda
- Mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda

Reforzo socioeducativo para menores: Desde o 1 de febreiro de 2022 Ate 30/11/2022: 1.000 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 500 horas

- Seguimento e tutorización de nenos e nenas para previr o abandono escolar prematuro
- Reforzo escolar para conseguir que os menores consigan aprobar e pasar o curso
- Realización de actividades lúdico educativas nos períodos de vacacións escolares
- Realización de formación en habilidades sociais a partires de centros de interese para favorecer o desenvolvemento integral da súa personalidade e previr condutas antisociais
- Formación en resolución de conflitos e afrontamento do malestar para previr condutas disruptivas e predelictivas.

METODOLOXÍA E PERSPECTIVA DE XÉNERO:

A metodoloxía será:

- Activa e participativa
- Role -playing
- Traballo en grupo en torno a centros de interese
- Resolución de problemas: a actuación deriva dun compromiso, dun contrato.
- Acompañamento. Se acompaña ás persoas porque estarán inmersas nun proceso de cambio e a persoa técnica do proxecto será a referente da persoa usuaria. Esta metodoloxía de acompañamento é motivadora, incentivadora e facilitadora para que a persoa/familia confíe nas súas capacidades e potencialidades.
- Traballo en rede. Articulando os recursos para evitar duplicidades e solapamentos na comunidade

A perspectiva de xénero se concreta en:

- Desagregar datos por sexo tanto en diagnóstico como en avaliación
- Ter en conta as necesidades de flexibilidade e conciliación para asegurar a participación de homes e mulleres
- Se utilizará unha linguaxe inclusiva non sexista e se coidará a linguaxe e os materiais didácticos que se vaian utilizar
- Se incluírá a perspectiva multicultural xa que se parte de que a cultura pode ser tanto un factor de riqueza como de conflito e se trata de potenciar a multiculturalidade como un aspecto transformador das relacións humana e polo tanto de loita contra os prexuízos.

INDICADORES:

A avaliación que se fará será mixta, cualitativa e cuantitativa.

Os indicadores farán referencia a logros e a actividade:

Indicadores de logros:

Número de persoas que acadan o 80% dos obxectivos propostos

Indicadores de actividade:

Número de actividades realizadas con cada persoa e co conxunto e grado de execución das actividades.

Así mesmo se fará avaliación en tres momentos:

- Avaliación inicial: coincide co diagnóstico individual e a creación de grupos
- Avaliación continua: Axustando os obxectivos e reformulándolos no caso de ser necesario. As técnicas utilizadas serán as entrevistas e os cuestionarios.
- Avaliación final. Mediante cuestionarios cuantitativos e cualitativos.

PROFESIONAIS:

1 Traballador/a Social: 2.023 horas

1 Psicólogo/a (70% da xornada): 1.416 horas

1 Educador/a familiar (50% da xornada): 1.011,5 horas

1 Educador de calle (50% da xornada): 1.011,5 horas

1 Orientador/a laboral (Xornada completa con funcións tamén de centralizar e supervisar a xustificación da subvención para os tres programas): 2.023 horas

Se contemplará bolsas para asistencia ás accións formativas e axudas para desprazamento cando as accións se desenvolvan nunhas instalacións que precisen para o seu acceso o uso de transporte

Solicitud de subvención:

Básica	2.200 horas x 19,14 €/hora Más o 20% artigo 15, a), 1º	42.108 euros 8.421,6 euros
Transición	2.360 horas x 19,14 €/hora Más o 40% artigo 15, a), 2º	45.170,4 euros 18.068,16 euros
Adaptada	1.140 x 19,14 €/hora Más o 40% artigo 15, b)	21.819,6 euros 8.727,84 euros
Residencial	500 x 19,14 €/hora Más o 40% artigo 15, e)	9.570 euros 3.828 euros
Reforzo educativo	1.500 x 19,14 €/hora Más o 40% artigo 15, b)	28.710 euros 11.484 euros

Ferrol,
Psicóloga Benestar Social
Colex G-0387

Mª Jesús Calvo Camba

Conforme,
A concelleira delegada da Área de
Benestar Social e Patrimonio Histórico
Eva Martínez Montero